



XAN CARBALLA

Francisco X. Fernández Naval

'Aínda está por escribir a grande obra galega sobre o mar'

XAN CARBALLA

Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956), vén de publicar en *A Nosa Terra*, o seu último poemario *Mar de Lira*. Poeta e novelista, a traxectoria literaria de Fernández Naval comeza en 1980, e ten un dos seus fitos na obtención do Premio Xerais en 1988 coa novela *O bosque das antas*. Declárase fillo da literatura oral e do cine, "non me quedaba outra porque meu tío foi fundador e meu pai administrador do Xesteira de Ourense".

Naceu en Ourense, ao pé do Miño, e fixo casa en Lira, ao pé do mar. Foi unha viaxe obrigada polas circunstancias ou buscada?

Inicialmente estaba ben tranquilo en Ourense pero sentía a necesidade de procurar outros espazos e viñen vivir a Coruña. Como consecuencia diso, a primeiros dos anos 80 din co territorio que vai desde o Monte Louro a Fisterra. Descubríñ que poden ter dúas patrias: a do Miño e a que está entremedias da Costa da Morte. Finalmente alí afincamos e mercamos casa en Lira. Daquela a relación fíxose máis intensa e saíronme mundos e narrativas dentro do espazo de Lira e Carnota.

Desexaba ser xornalista, non puido, pero ao final venceu a vocación do escritor. Na escrita é múltiple: ensaio, teatro, poesía... que busca en cada xénero?

Descubriña a necesidade de escribir desde cativo coa escrita. Lembro que no edificio tiña un amigo, Suso, que foi saxofonista de *Abuña Jazz*, e o seu pai lía o ABC e o meu *El Pueblo Gallego*, recortabámoslos e facíamos un novo xornal que des-

pois vendíamos no quiosque de Lola na rúa Santo Domingo... tiñamos moi boa distribución! O caso é que non puideron ser xornalista pero si escritor. Empecé na poesía. Estes días lía o último de Milan Kundera e non estou dacordo co que dí de que o narrador é poeta primeiro. Eu sempre me considerei narrador porque viña dunha fecunda tradición oral, que recibín da miña nai e da miña avoa. Non me podo considerar poeta porque non traballo todos os días, pero si que a teño presente cotianamente como lector. E de cando en vez xurde porque a poesía sempre foi unha relación firme.

Que sería entón a literatura, porqué a plantea como unha decisión?

Para min é unha necesidade. Pasei algúns anos tentando deixalo porque sufría. Agora sufro só o xusto porque a necesidade de contar é demasiado forte. E aí segue permanecendo en min, non sei se é vocacional ou algo primario, pero sei que esa pulsión é anterior á vocación. A proba é que tiven que reafirmarme nesa necesidade e reconciliarme comigo mesmo

para atopar a propia voz.

Na autobiografía breve da Biblioteca Virtual Galega, dedúzoos fillo dun tempo no que aínda a historia oral transmitía mitos e cultura e ao mesmo tempo fillo xa do audiovisual?

O fundamental é o cine. Meu tío fundou o *Cine Xesteira* de Ourense e meu pai foi primeiro operador de cabina, con 16 anos, e despois administrador. Como eu non aguantaba dereito na butaca fíxome un burato nun palco para poder manterme sentado. Vin películas a fartura e como narrador penso que si o cine xeneracionalmente nos marcou a todos, en min particularmente detecto un xeito secuenciado de contar que viría do cine mentres que sería a oralidade familiar a que me forneceu universos narrativos.

Como surxiu *Mar de Lira*?

Este libro foi escrito hai cinco ou seis anos. Tiña o manuscrito e roubáronmo. Busqueino até polos contedores da bisbarra pero non apareceu. Seguramente acabou queimado en SOGAMA e convertírase en fume. O ano pasado volveume a necesidade do libro pero era incapaz de re-

construílo até que unha mañá empezou a fluír e estivera aí, xermolando durante anos no inconsciente. Durante varios días saían os poemas uns detrás dos outros. Pasaba o tempo e faltaba o derradeiro, *O Cabo do Mundo*, que acabou por aparecer: *O demais foi misterio, / escuridade onde a luz se inicia*. No momento de escribir, sinteste o centro do mundo, decátaste de que están presentes liñas esenciais de forzas, de dinámicas e que están a pasar por ti. Impresiónome cando leo o que escribo e penso que é algo que non puideron facelo eu, pola emoción que ten.

O poemario *Mar de Lira* é unha aproximación nova á paisaxe?

A intención era interpretar un territorio, unha parroquia, e tentar facer unha lectura aberta. Esa paisaxe humanízase porque ten carácter. Arranco cunha descripción física pero ao tempo humana: *O mar de Lira é ancho, / ocupa a vista toda que se abrangue entre os ollos, / (...) Mar de carácter / ten días, coma un home*, e iso marca unha relación de aproximación coa liña de traballo de Uxío

Novoneira, o grande develador do valor ontolóxico da paisaxe. Dentro da nosa historia literaria, Uxío por unha banda e Avilés de Taramancos en relación co mar, son fontes principais das que bebe a miña poesía.

Hai unha poesía da Costa da Morte diferente despois do *Prestige* e todo o que trouxo consigo?

O libro que xurdiu o ano pasado non ten que ver co anterior que desaparecera, e nel xa está presente todo o que pasou despois do naufraxio. Sei que vai haber unha literatura diferente da Costa da Morte, e xa apareceron cousas, como a última novela de Rosa Aneiros. Estou convencido de que terá moita máis repercusión e reinterpretación literaria.

Vostede xa se ocupou en máis ocasións da presenza do mar na literatura galega, un dos seus libros é *O mundo da pesca na literatura galega*.

Gostaría que tivese máis presenza trascendental porque se do interior ven a invención da Terra, o Mar é o outro grande polo creativo. Sempre me chamou a atención a pouca transcendencia do mundo da pesca, da actividade do home co mar na nosa literatura. Non hai unha tradición que se corresponda coa potencia desa presenza, e das actividades arredor del, de vida e de morte, de ida e volta, de traballo e esforzo. No libro que citas teño comentado que había que concluír, con Carlos Casares, que Hemingway sería un dos que mellor o fixo. Ou como teño falado con escritores portugueses, o mariñeiro literario de valor máis universal foi Manuel, o pescador de bacallao da obra de Kypling, *Capitáns intrépidos*. A nós fáltanos máis obras e terá que ser algún escritor do litoral quen faga a grande obra do mar.

Quería preguntalle sobre os premios literarios e sobre o mundo editorial. Cando recibe o Xerais por *O bosque das antas*, en 1988, é cando se proxecta como autor. Seguen tendo os premios ese valor de difusión tan determinante?

O *Xerais*, xa o dixen máis veces, para min foi todo. Daquela quizais había menos portas para publicar porque hoxe, a pesar da crise, o espazo editorial é máis dinámico e está tamén a rede. Daquela estabamos máis limitados aínda que en comparación había máis revistas. Repito que para min foi esencial, abreu portas, apuntalou unha vocación e determinou para sempre unha liña na miña vida.

En Carnota teñen unha experiencia diferente para difundir un libro como *Mar de Lira*.

A librería e a biblioteca son os espazos principais do libro, pero ten que abrir lugares novos e saírle ao encontro á xente que non pisa as librerías. Teño participado na dinamización do libro a través das lecturas públicas en cafés e *Mar de Lira* tamén terá un tratamento singular porque se venderá no punto de recepción de viaxantes que se embarcan en Lira. ♦